

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN DE GALEGA DE EMPRESAS MUSICAIS (AGEM) PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN NO ÁMBITO MUSICAL

COMPARECEN

Dunha banda, **Jacobo Sutil Nesta**, na súa calidade de director da **Axencia Galega das Industrias Culturais** (no sucesivo Agadic), con CIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicada no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

E doutra, **José Manuel Blanco Álvarez**, na súa calidade de presidente da **Asociación Galega de Empresas Musicais-AGEM** (en adiante Asociación), con NIF G-36998045, con sede na Cidade do Transporte, nº 2, portal 2D entrechán, Polígono Industrial do Tambre, 15890 Santiago de Compostela, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido na documentación achegada.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO. A **Axencia Galega das Industrias Culturais**, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008), así como promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país, contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos, pero tamén o é o impulso da cooperación e o asociacionismo entre os traballadores e traballadoras e as empresas dos distintos sectores culturais, así como as medidas do sector profesional galego para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais, en especial no apoio ás exportacións de bens e servizos culturais galegos.

Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Pola súa banda, a **Asociación Galega de Empresas Musicais** é unha asociación constituída, segundo os seus estatutos, ao amparo da Lei 19/1977, de 1 de abril, reguladora do dereito de asociación sindical, que carece de



ánimo de lucro e que ten como fins, ademais da representación dos seus asociados e a promoción dos seus intereses profesionais, laborais, sociais e culturais, o intercambio de ideas e experiencias en beneficio do exercicio da profesión de promoción, produción e distribución de concertos musicais e que integra a empresarios tanto a título individual coma sociedades con domicilio social ou fiscal no territorio da comunidade autónoma de Galicia cuxa actividade profesional sexa a de promotor, produtor, mánager e axente de contratación de espectáculos musicais.

Está integrada a Asociación por empresas que conforman a cadea de valor da actividade cultural e musical; empresas que realizan actividades de deseño, xestión e produción de eventos de carácter cultural, musical, educativo, social e de entretemento, e en xeral, todas as actividades técnicas e preparatorias para a execución destes eventos ou servizos, incluída a actividade comercial, de representación de artistas, festivais, distribución e xestión (management).

SEGUNDO. A crise provocada pola covid-19 está a producir desafíos sen precedentes en todo o sector cultural, polo que é vital seguir mantendo o contacto e as sinerxías globais de cara a seguir impulsando a recuperación da actividade. Malia a parálise obrigada sufrida, aproveitar este momento de cambio como unha oportunidade de mellora na eficiencia no funcionamento das empresas pode resultar necesario. Neste sentido, o reforzo nas propostas de formación e capacitación profesional nas industrias culturais e creativas nun contexto profesional incerto, pódense converter en ferramentas de axuda para as empresas, que precisarán máis que nunca de accións de capacitación e seguimento para o mantemento, adaptación e viabilidade das súas estruturas ao novo contexto económico.

A industria musical galega é un importante dinamizador cultural e un referente na creación de postos de traballo. Este sector viuse especialmente castigado pola crise da covid-19, polo que é imprescindible dotalo dunha serie de accións que favorezan a súa reactivación tras esta situación excepcional, establecendo unha serie de accións formativas axeitadas á maior parte dos perfís profesionais co fin de promover a reciclaxe e a consecución de novos coñecementos que permitan a reincorporación das persoas do sector.

A Asociación de Empresas Musicais pretende levar adiante un completo plan formativo cuxos contidos e actividades teñan unha implicación real no sector e baseado en necesidades reactivas, proactivas, verticais e horizontais. Reactivas, xa que veñen dun problema concreto, a crise da covid; proactivas, ao aproveitar para encher baleiros de formación; verticais, porque as accións formativas cobren aspectos de tarefas específicas pero tamén un grupo de tarefas relacionadas; e horizontais, xa que resollen deficiencias de competencias de diversos postos de traballo que non se atopan relacionados entre si.

Proporcionar os coñecementos sobre os cambios do contexto da industria musical derivada da crise sanitaria; introducir os alumnos nos aspectos básicos para a organización e xestión de proxectos musicais innovadores e comprender as ferramentas necesarias para unha xestión eficaz das empresas do sector nos novos escenarios; coñecer as ferramentas máis importantes do mercado na promoción, márketing e comercialización na industria musical; profundizar na innovación tecnolóxica e as novas iniciativas emprendedoras da industria musical, especialmente no ámbito dixital; revalorizar a función dos recursos humanos; e posibilitar que os traballadores menos cualificados accedan a unha formación continua que lles permita avanzar no seu nivel de cualificación son algúns dos obxectivos do plan formativo impulsado pola Asociación.



TERCEIRO. A Agadic presta especial atención ao eido do asociacionismo profesional, non só co establecemento de liñas de colaboración que axuden na súa estabilidade e fortalecemento senón tamén apoiando medidas e iniciativas concretas das diferentes entidades aglutinadoras do sector profesional que desenvolven unha actividade crecente tanto de cara ao servizo dos asociados coma á visibilización do tecido profesional dos diferentes sectores culturais. O esforzo no fomento do sector musical que realiza a Asociación tanto a nivel representativo como de dinamización coincide plenamente coas liñas de traballo da Agadic no que atinxe ao impulso da cooperación e do asociacionismo nos distintos sectores culturais, así como no establecemento de medidas de fomento de procesos formativos, de aí que considere fundamental o apoio, a través da colaboración mutua, a este tipo de iniciativas que pretenden incrementar os niveis de eficacia e calidade na prestación dos servizos e favorecer a innovación e a modernización do sector.

Insírese esta colaboración na medida 10 do "Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19", aprobado en Consello da Xunta o 30 abril de 2020, no marco do eixe de actuación da formación, profesionalización e mellora da competitividade e capacitación profesional no eido cultural, e co obxectivo xenérico de reactivar e impulsar o tecido cultural.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura deste convenio de colaboración, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é a realización de actividades de formación e capacitación profesional no ámbito musical mediante o desenvolvemento dun plan de formación que contempla a realización de cursos especializados tanto en liña coma de carácter presencial durante os meses de agosto a outubro de 2020:

- Control de accesos: Biometría (en liña)
- Biocidas tipos e métodos de loita (en liña)
- Cloud Computing (en liña)
- Indesign: catálogos multimedia (en liña)
- AutoCAD 2012: dibujo en 2D (en liña)
- Inglés nivel: A1 / A2 / B1 / B2 / C1 / C2 (en liña)
- Intelixencia emocional e autocontrol en situacións de emerxencia (en liña)
- Community manager (en liña)
- Regulamento Europeo protección de datos (en liña)
- Xestión lóxística (en liña)
- Planificación, organización e control de eventos (presencial)
- Manipulación de cargas con equipos de elevación (presencial)
- Recurso preventivo (presencial)
- Traballos en altura (presencial)
- Carretilleiro (presencial)
- Plataforma elevadora (presencial)
- Sketchup (presencial)
- Primeros auxilios (presencial)
- Contraincendios (presencial)



SEGUNDA. DURACIÓN DO PROXECTO

O prazo previsto para o desenvolvemento e a realización do proxecto indicado estenderase dende a sinatura deste convenio ata o prazo máximo de vixencia nel establecido.

TERCEIRA. RESPONSABILIDADE DO PROXECTO E OBRIGA DAS PARTES

A organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas pola Asociación nun proceso de colaboración continua coa Agadic. A estes efectos, e no ámbito da comisión mixta de seguimento á que se refire a cláusula sexta deste convenio, ambas as entidades manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo nun proceso de colaboración mutua entre ambas.

Ambas entidades, a través dos seus representantes, asistirán aos actos públicos de presentación e difusión das actividades conveniadas, co obxecto de incidir nunha maior difusión e promoción do proxecto.

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas. A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a **imaxe corporativa do Xacobeo 2021 e a da Xunta de Galicia**, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, que deben ser descargadas da web da Xunta de Galicia:

<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/marca-principal> (para Xunta de Galicia)

<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/xacobeo-2021> (para Xacobeo 2021).

A Asociación comprométese a reservar como mínimo dúas prazas por curso para persoal técnico das unidades de produción da Agadic.

A Asociación comprométese, ademais, a aplicar a achega económica prevista na cláusula sétima ás actividades obxecto do convenio e a realizar as actividades que lle son propias segundo o establecido na lexislación vixente.

CUARTA. SEGUIMIENTO DO PROXECTO

A Agadic nomeará un responsable do seguimento das actividades contempladas neste convenio, que será, así mesmo, o encargado da recepción dos informes sobre a marcha do programa.

QUINTA. PRESENTACIÓN DO PROXECTO

A Asociación informará ao interlocutor designado pola Agadic periodicamente sobre a marcha das actividades realizadas ao longo do programa. O proxecto de actuacións e os informes responderán ao previsto no programa de actividades.

SEXTA. ESTABLECEMENTO DUNHA COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación



das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da Asociación actuará como responsable desta comisión o presidente da entidade, ou persoa que designe en substitución.

SÉTIMA. FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN

Para a realización conxunta do programa de actividades conveniadas, que ascende a un total de 30.156 euros, a Agadic comprométese a achegarlle á Asociación a cantidade de **30.000 (trinta mil) euros**, impostos incluídos, para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 11.A1.432.B.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2020.

Se por calquera circunstancia as actividades obxecto do presente convenio non foran realizadas ou non se axustaran ao plan previsto, a Asociación quedará obrigada á devolución das cantidades percibidas.

O pagamento por parte da Agadic efectuarase en dúas fases:

- **50%** tras a sinatura do convenio, co obxecto de financiar as fases preparatorias das actividades conveniadas. Para iso, a entidade **debe facer entrega dun escrito acreditativo** de que xa se leva realizado tal porcentaxe de preparación do proxecto.
- **50%** unha vez rematadas as actividades, e levarase a cabo unha vez xustificado o orzamento da actividade presentado no proxecto económico (**33.700 euros**), que debe facerse coa entrega, antes da data de remate de vixencia do convenio estipulada na cláusula décimo segunda, da seguinte documentación:

1. Memoria descritiva das actividades desenvolvidas, con indicación das posibles modificacións con respecto ao proxecto inicial presentado para a firma do convenio e das súas causas e incidencias.

2. Relación clasificada dos gastos ordenada segundo as partidas especificadas na memoria económica presentada para a firma do convenio. Esta relación clasificada de gastos deberá conter con carácter xeral: identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe.

3. Memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades: desviacións ou variacións económicas habidas con respecto ás partidas inicialmente presupostadas no proxecto económico presentado para a firma do convenio, que deben ser explicadas e motivadas convenientemente na memoria; en caso de gastos relativos a aloxamento, mantenza, viaxes, traslados..., de ser o caso, débese especificar nesta memoria a relación de persoas ás que se refiren os gastos e da súa relación coa actividade conveniada; e todas aquelas cuestións que se considere precisen explicación.

4. Xustificantes de gasto por importe da totalidade da actividade (33.700 euros), que deberán estar debidamente cubertos e farán referencia ás actividades obxecto do convenio detalladas no proxecto de actividades e proxecto económico presentados no momento da sinatura do convenio. Estes xustificantes de gasto deben vir acompañados **dos xustificantes bancarios dos pagamentos** (transferencia bancaria, certificación bancaria, extracto de pagamento, movementos de tarxeta de crédito, etc.).

Canto á forma de presentación, os xustificantes de gasto así como os seus xustificantes de pagamento deben



entregarse clasificados segundo os apartados da relación clasificada de gastos presentada.

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia accedendo á carpeta do cidadán <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

Para os efectos deste convenio, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao período de finalización da vixencia do convenio.

Non se considerarán xustificados aqueles gastos que non cumpran o establecido nos parágrafos precedentes.

Se o gasto finalmente xustificado por parte da entidade fose menor ao custe da actividade presentado no proxecto económico para a firma do convenio (**33.700 euros**), o importe da achega por parte da Agadic minorárase de xeito proporcional.

A totalidade do importe achegado pola Agadic está destinado a cubrir os custos das actividades conveniadas, segundo a memoria presentada, sen que haxa beneficio económico de ningún tipo por parte da Asociación, e en ningún caso existirá ánimo de lucro xerado polas actividades desenvolvidas nin beneficio industrial ningún.

A Asociación ten a obriga de someterse ás accións de comprobación que realice a Xunta de Galicia, así como prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia.

OITAVA. DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Agadic e da Asociación. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e ambas as partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas as partes comprométense a facer mención expresa deste convenio. En calquera caso a Asociación poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

NOVENA. PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ENTIDADE

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Agadic, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA. TRANSPARENCIA



As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA. MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESCISIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar este convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindir o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo. En tal caso as partes realizaranse entre elas os pagos e reintegros que procedan en relación cos gastos efectivamente executados pola entidade, debidamente xustificadas como se recolle na cláusula sétima, ou aqueles compromisos firmes adquiridos con terceiros, debidamente acreditados.

DÉCIMO SEGUNDA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o **30 de novembro de 2020**.

DÉCIMO TERCEIRA. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes manifestan que coñecen e comprenden a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento deste convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.



Así mesmo, as partes responsabilizaranse de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco deste convenio se faga con absoluto respecto ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa normativa de desenvolvemento.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de executar o convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

As partes adoptarán as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

DÉCIMO CUARTA. RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións e, así mesmo, polo disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaránselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa aplicable e vixente na materia.

DÉCIMO TERCEIRA. XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento deste convenio á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan asinan na data que figura na marxe



POLA AGADIC

Jacobo Sutil Nesta

Director da Agadic

(P.D. do presidente do Consello Reitor
da Agadic, DOG 29/08/2012)

POLA ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS MUSICAIS

José Manuel Blanco Álvarez

Presidente da Asociación Galega Empresas Musicais

